

# FICHA DE INSCRICIÓN

Se desexas participar nos marcapáxinas solidarios, cubre a inscrición e envíanola antes do 20 de febreiro de 2017.

ID Centro

- Web: [www.savethechildren.es/centros-educativos](http://www.savethechildren.es/centros-educativos)
- Email: [diadellibro@savethechildren.org](mailto:diadellibro@savethechildren.org)
- Fax: 91 552 32 72
- Teléfono: 91 513 05 00

[ Por favor, cubre os seguintes datos para axudarnos a preparar mellor a actividade con vós. ]

## Coordinador da actividade

Nome e apelidos

Email

Cargo  Teléfono

## Educador participante

Nome e apelidos

Email

Cargo  Teléfono

## Educador participante

Nome e apelidos

Email

Cargo  Teléfono

## Datos do centro (Por favor, indícanos cualquier cambio producido en estos datos)

Nome

Enderezo  CP

Localidade  Provincia  Teléfono

Email

Nº de alumnos participantes (aprox)

Profesores participantes

## Materiais

Modelo de marcapáxinas

Diplomas

Folletos familias

(Por favor, sede o máis exactos que poidades nas cantidades que precisades. Deste xeito poderemos xestionar mellor os materiais. Se non precisas algún dos materiais sinaládeo cun cero na casa que corresponda.)

Se tedes algunha dúbida podedes contactar connosco a través do teléfono 91 513 05 00

En virtude da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos persoais quedarán recollidos nun ficheiro titularidade da Fundación Save the Children, con sede en C/Doctor Esquerdo, 138, 2º andar, 28007 Madrid, co fin de realizar a xestión administrativa así como para manterlle informado sobre as actividades solidarias. En cumprimento do artigo 11.1 da LOPD informámoslle expresamente que os seus datos persoais poderán terles comunicados ás administracións públicas con competencia na materia e a terceiros con fins de investigación e mellora. Vostede pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición referindo por escrito ao enderezo indicado anteriormente.

# CONSTRÚE NOVAS HISTORIAS FELICES

En moitos países africanos, as tradicións adoitan transmitirse de forma oral en narracións contadas á sombra dunha árbore por parte dunha persoa anciá da comunidade. Ese momento crea unha ligazón entre as persoas, as historias e a natureza. Mais, que acontece cando hai secas? Que acontece cando esa árbore, que tantas lendas escoitou, seca por mor da falta de auga? Imaxinemos que esa árbore é un cativo ou unha cativa que, ao igual cá árbore, precisa de auga para sobrevivir, vivir san e medrar.

A auga é esencial para a vida, mais para millóns de persoas ter acceso a auga potábel é cada día unha tarefa máis complexa.

Para milleiros de cativos e cativas en países coma Etiopía, Nixer ou Burkina Faso, a falta de acceso a auga potábel e limpa ten consecuencias graves para as súas vida e futuros en:



Saúde



Alimentación



Educación



Con 4€

un cativo recibe material para seguir estudando.



Con 7€

un cativo ten auga potábel nunha escola durante un mes.



Con 17€

un cativo come no colexio durante un mes..

Entre todos podemos regar esa árbore e contribuír a que siga gozando historias que nos falan de soños, tradicións e cultura.

Todos os cativos e cativas teñen dereito á supervivencia, educación e protección. Asegurando o acceso á auga potábel aseguramos o seu futuro. Precisamos de vós para mudarmos as súas historias e vidas..

# O MEU PRIMEIRO MARCAPÁXINAS SOLIDARIO



III Edición do Día do Libro polos dereitos dos cativos e cativas

Participa!

# MARCAPÁXINAS QUE MUDAN O FINAL DE MILLEIROS DE HISTORIAS

Todos os cativos e cativas teñen a súa historia, desde que nacen comezan a construíla e conformará as súas vidas. En ocasións, son historias felices, de xogos, amigos, libros... mais noutras son historias máis difíciles, marcadas pola falta de auga, medicinas e alimento.

Desde Save the Children queremos mudar estas historias difíciles, queremos que se transformen en historias felices e, para iso, precisamos da vosa axuda.



O **Día do Libro** é un día significativo no que regalamos cultura e lectura, onde traballamos os contos, as historias e os relatos, mais tamén pode ser un día para traballarmos a solidariedade e darmos a coñecer as historias de milleiros de cativos e cativas en países coma Burkina Faso, Nixer ou Etiopía.

Propoñémosvos celebrar un Día do Libro cun **obradoiro de marcapáxinas solidarios** realizados polos cativos, cativas e familias da vosa escola, marcapáxinas que despois serán vendidos entre esas mesmas familias a fin de obter fondos que nos permitan mudar as historias tristes de milleiros de cativos e cativas de lugares afastados e desfavorecidos.

O **Meu Primeiro Marcapáxinas** é un proxecto **educativo, solidario e creativo** que traballa a educación en valores dos máis pequenos a través de materiais gratuitos e fomenta a solidariedade de toda a comunidade educativa de xeito sinxelo.

# COMO SE TRABALLA O MEU PRIMEIRO MARCAPÁXINAS

O centro recibe os materiais de balde para realizar a actividade:

- branco para que os alumnos e alumnas poidan crear, debuxar, escribir e desenvolver todo o seu talento para axudaren aos cativos e cativas máis vulnerábeis, acompañados das súas familias.
- Para as familias, recibiremos un folleto informativo sobre a actividade e os seus obxectivos.
- Os cativos e cativas reciben un diploma: a súa creatividade, esforzo e solidariedade merecen un agradecemento.
- Os marcapáxinas solidarios válese do material didáctico que completa o traballo de educación en valores e apoia o voso Día do Libro.



Que valores e contidos se traballan a través do **Meu Primeiro Marcapáxinas**



Desde a Escola Infantil Arco Iris de Tudela de Duero, Valladolid, os participantes do curso pasado cóntannos como o fixeron.

*“A valoración final da actividade foi moi positiva. Traballamos valores como a solidariedade, o esforzo, o compañeirismo e a xenerosidade a través da historia de Hervé. As mestras fixemos o esforzo de incluílo dentro do proxecto educativo do centro e así puidemos seguir traballando os contidos previstos: profesións, formas, cores, etc.”*

*Ademais, a implicación das familias foi extraordinaria e os nenos gozaron e aprenderon moito, que é o máis importante. E, todo isto serviu para achegarmos o noso gran de area á causa, que máis podemos pedir.”*

# COMO PARTICIPAR



## 1. Inscribe a túa escola

Inscríbete e recibe de balde o material para preparar e realizar o Meu Primeiro Marcapáxinas solidario.



## 2. Recibe os materiais

Save the Children envía os materiais para os alumnos (marcapáxinas e diplomas), folletos para as familias e o material didáctico para o educador.

## 3. Fai do Día do Libro unha xornada educativa e solidaria

O 23 de abril celebra o Día do Libro cun obradoiro de marcapáxinas, convida ás familias a que se sumen á iniciativa e partilla cos seus pequenos a creación dun marcapáxinas que ha mudar a vida de moitos nenos e nenas.




## 4. Únete á loita a prol da supervivencia infantil

Vendendo os marcapáxinas decorados polos cativos e cativas da túa escola axúdanos a mellorar as condicións de vida de milleiros de menores. Unha vez recollidos os cartos, o centro fai o ingreso a Save the Children.

## 5. Contribúe a crear unha sociedade máis xusta desde a primeira infancia

A escola recibe un diploma de agradecemento e unha memoria final que recolle o resultado da actividade.



Se tes máis preguntas sobre como inscribirte e como participar, visita a web [savethechildren.es/centros-educativos/marcapaginas-por-la-solidaridad](https://savethechildren.es/centros-educativos/marcapaginas-por-la-solidaridad) ou chama ao 91 513 05 00

Colaboran:

TOURLINE EXPRESS

ctt

BE INSPIRED  
by children